

MANIFESTO

75 aniversario do sufraxio feminino

Hoxe celebramos o setenta e cinco aniversario da consecución do voto feminino por parte da muller en España, que ven ser o mesmo que dicir que estamos na celebración da consecución do voto universal no noso país.

Esta realidade fala da tardía incorporación da muller ao acto máis transcendental da vida pública, o acto de decidir coa súa vontade nas cuestións públicas. Porque o voto, que hoxe é un dereito, é tamén unha obriga e un instrumento de poder, un instrumento decisorio para o desenvolvemento da vida pública. O valor do voto só alcanza a súa plenitude ao chegar á universalidade. O voto restrinxido é unha mala parodia da capacidade e o dereito cidadán para determinar os camiños polos que debe transitar a sociedade na que se integra o individuo.

Resulta evidente que os réximes que non atenden ás liberdades públicas viven de costas ao voto, ou o utilizan dun xeito restrinxido. Logo de acadado este logro nos anos da II República, nós sufrimos esa mutilación na que a muller volveu ser a principal prexudicada. Recuperado o noso dereito, hoxe aínda debemos preguntarnos ¿por que sempre lle corresponde á muller ser a vítima principal á hora de limitar as liberdades? Hoxe é un bo día para reflexionar sobre a historia que nos precedeu. Reflexionar para que os novos camiños que o novo milenio traza diante de nós non volvan sobre as pegadas do pasado.

Hoxe estamos celebrando un feito, o de votar en liberdade e universalmente, que no presente semella un acto e un dereito normal, natural e lóxico, pero todos sabemos que a muller tivo que soportar ao longo da historia infinidade de opresións e marxinacións. A oportunidade de celebrar este setenta e cinco aniversario da consecución do voto feminino en España acontece tamén nun ano de gran significación ideolóxica e mesmo de concepción da historia, estamos no Ano da Recuperación da Memoria. Nese proceso de recuperación semella que a necesidade de por en valor personaxes da categoría e valía de Clara Campoamor é tamén unha materia pendente.

España tivo moitas mulleres na vida pública ou anónimas que traballaron a prol da consecución dos dereitos que lles correspondían en igualdade co home. Unha muller, case esquecida polos historiadores, foi Clara Campoamor, a protagonista do día de hoxe no que lle rendemos xusta homenaxe. Podemos asegurar que ela, por si soa, coa oposición de compañeiros ideolóxicos e mesmo compañeiras dunha importante significación política, foi a artífice da aprobación do voto feminino nas Cortes Constituíntes de 1931.

Os avatares políticos vividos naqueles momentos por Clara Campoamor, nunha loita contra as circunstancias, contra a crítica, contra o oportunismo de uns e contra os atrancos de outros, contra as trabas burocráticas, nunha loita sen cuartel en defensa dos seus ideais e os dereitos da muller, deberan ser un exemplo para aqueles que fan da vida pública un verdadeiro servizo á sociedade por riba dos intereses particulares. Clara Campoamor, marxitada no seu tempo pola inoportunidade da historia, esquecida a mantenta polas crónicas dos historiadores, é una muller á que as mulleres debemos gratitude e honra. A súa privación de méritos no pasado e a nosa vitoria do presente.

Neste setenta e cinco aniversario da consecución do voto feminino en España é a nosa obriga recuperar a memoria de Clara Campoamor, contribuindo a descubrir ás novas xeracións os aspectos máis salientables da súa figura, situándoa no seu contexto histórico, analizándoa desde a perspectiva do feminismo, desde a ollada obxectiva da situación política que lle correspondeu vivir, desde a instalación como muller nunha vida pública case que vedada entón ás mulleres.

Temos que recuperar o seu esforzo como exemplo e con gratitude. A Clara Campoamor débelle a historia de España e a historia dos movementos femininos a consecución do voto universal, pero o seu legado non remata aí. Temos que salientar a súa loita polo divorcio e o traballo a prol da igualdade nun tempo, o da II República, en que semellaba que a vida pública ía cambiar, que España entraba no futuro, logo esnaquizado pola barbarie, condenándoa ao exilio e ao silencio imposto pola historia escrita polos vencedores.

Clara Campoamor foi unha muller progresista, feminista e republicana por convicción e acción, desde a infancia tivo que sortear centos de atrancos, as máis das veces en pura soidade, para progresar laboralmente. Tivo acceso a unha universidade dominada polo sexo masculino, exerceu a avogacía nun terreo daquela dominado polos homes, acadou un escano nas Cortes Constituíntes mediatizadas polos homes e homes, na súa maioría, foron os seus rivais políticos. A súa foi a epopea dunha muller solitaria sempre rodeada de xente. Unha aventura vital que setenta e cinco anos despois é merecente de ser citada como exemplo para as xeración que herdamos o seus logros.

Desde a Capital de Galicia, celebramos a Clara Campoamor e celebramos este simbólico día da consecución do voto feminino nun momento histórico no que as liberdades e a igualdade camiñan por sendeiros nunca ollados. Volvendo a mirada cara a Historia sempre atoparemos que calquera tempo pasado foi peor. Pero é xusto e necesario que coñezamos a historia das mulleres que nos precederon para corresponderlle coa honra de que son merecentes. Honrándoas a elas dignificamos o noso presente e poñemos os alicerces dun futuro mellor.

Neste día debemos manifestar que Clara Campoamor é unha guía no camiño das liberdades da muller e do xénero humano en xeral, que debe brillar cos méritos que lle son debidos.

Debemos manifestar que a recuperación da Memoria Histórica non conclúe con simples rectificacións e homenaxes, se non coa reconstrución da Historia sobre os fundamentos da liberdade e da verdade.

Debemos manifestar que os logros acadados polas mulleres, como este mesmo da consecución do voto feminino, deben permanecer como dereitos imprescindibles e inalienables no presente e no futuro.

Debemos manifestar que o proceso de igualdade entre xéneros aínda non acadou as cotas que a muller reclama e merece, polo que resulta necesario seguir traballando para legar ás novas xeracións espazos máis amplos de igualdade, xustiza e solidariedade entre homes e mulleres.

Debemos manifestar a nosa solidariedade coas mulleres de territorios xeográficos diferentes ao noso que aínda padecen marxinação,

escravitude, falla de liberdade, discriminación de xénero, submisión, incultura, etc. e a necesidade de establecer canles de denuncia desas situacións para emprender accións de corrección e liberación das mesmas.

Debemos manifestar que desexamos que a Lei de Igualdade, que se aprobará na presente lexislatura, de respostas ás demandas políticas, sociais e laborais que as mulleres reivindicán.

Manifestamos que a igualdade entre home e muller, reflectida na consecución do voto universal hai setenta e cinco anos e na nosa Constitución, é o mellor instrumento de progreso social que a humanidade pode acadar.

En Santiago de Compostela a 1 de outubro de 2006